


# Os Reis Católicos e o Imperio dos Austria


O século XVII

# 9.- O século XVII: o declive do Imperio

- O século XVII foi unha época de crise para o Imperio dos Austria
  - Rexistrouse a perda progresiva da hexemonía política dos territorios europeos
  - En Castela, núcleo esencial da monarquía, producíronse:
    - A decadencia económica
    - Unha grave crise social e política



## O século XVII en Europa.



# 9.1.- Os Austria do século XVII.

## O goberno dos validos (1)

- Os Austria do século XVI encargáranse persoalmente do goberno dos seus reinos
- Nos reinados do século XVII os reis
  - Renunciaron a exercer de xeito persoal as tarefas de goberno
  - Recorreron aos **validos** ou privados, ministros omnipotentes que:
    - Ás veces utilizan o poder no seu propio beneficio
    - Aumentan o nivel de corrupción e ineficacia da administración
- **Filipe III** (1598 – 1621) tivo un breve e pacífico reinado, salientando
  - A expulsión definitiva dos mouriscos en 1609
  - As tarefas de goberno quedaron en mans do seu valido o **duque de Lerma**
  - Ao perder o seu poder, foi substituído polo seu propio fillo, o **duque de Uceda**

# 9.1.- Os Austria do século XVII.

## O goberno dos validos (2)

- **Filipe IV** (1621 – 1665) coincide cun periodo de dificultade internas e externas para manter o Imperio
  - Deixou o poder en mans do seu principal valido: **Gaspar de Guzmán, Conde-Duque de Olivares**
  - É o máis coñecido e poderoso de todos os validos
  - O seu goberno caracterizouse polo autoritarismo e a centralización
  - Ten un **proxecto fracasado de integrar todos os reinos nun só Estado unitario e común**, coas mesmas leis e institucións,
    - Seguindo o modelo castelán, con máis poder real
    - Avanzando cara ao modelo monárquico absolutista
  - Isto orixina enfrontamentos e graves revoltas internas



▼  
Diego de VELÁZQUEZ: *Filipe IV a caballo*, 1635-1636.

# 9.1.- Os Austria do século XVII.

## O goberno dos validos (3)

- **Carlos II** (1665 – 1700) é o derradeiro rei da dinastía Austria (Habsburgo)
  - É alcumado **O enfeitizado**, por ser un monarca enfermizo e incapaz que morre sen descendencia
  - O seu reinado significou
    - O punto álxido da crise económica e social nos reinos hispánicos
    - A confirmación da perda da hexemonía en Europa
  - Os seus principais validos son:
    - Durante a rexencia da raíña nai Mariana de Austria
      - O padre xesuita **Nithard**,
      - **Francisco de Valenzuela**, de orixe plebea
    - Posteriormente, **Xoán Xosé de Austria**, fillo natural de Filipe IV e medio irmán do rei

Reinar é velar. Quen dorme non reina. Rei que lles cerra os ollos da garda das súas ovellas aos lobos, e o ministro que lle garda o soño ao seu rei, entérrao, non lle serve (...) gárdalle o soño e pérdelle a conciencia e mais a honra; e estas dúas cousas traen penitencia na ruína e desolación nos reinos. Rei que dorme, goberna entre soños; e cando mellor lle vai, soña que goberna.

Francisco DE QUEVEDO: *Política de Dios, gobierno de Cristo y tiranía de Satanás*, 1626  
(tradución e adaptación).


1. Que crítica lle fai Quevedo ao goberno de Filipe IV?






Filipe IV (esquerda) e o seu valido, o conde-duque de Olivares, pintados por Velázquez en 1632.

## A DINASTÍA DOS AUSTRIA ESPAÑOIS





alcázar

ponte de Segovia

# 9.2. A Guerra dos Trinta Anos (1)

- A guerra dos Trinta Anos é:
  - Un **conflito de signo relixioso** entre protestantes e católicos
  - Unha **pugna política** entre
    - Por unha banda, os Habsburgo de España e Austria
    - Por outra, a rebelión dos protestantes bohemios, holandeses e alemáns co apoio de Dinamarca, Suecia e Francia
- A guerra iniciouse coa rebelión protestante de Bohemia, no imperio dos Habsburgo austríacos.
  - España acudiu no seu auxilio e os protestantes foron derrotados en 1620.
  - A contenda afectou tamén Flandres, onde os terzos españois obtiveron algúns éxitos como a rendición de Breda (1626).
  - Pouco despois o rei de Dinamarca e o de Suecia acudiron en axuda dos protestantes de Alemaña, o centro do imperio austríaco en 1630.
  - A alianza foi derrotada polos terzos españois.
- Pero a guerra cambiou de signo cando Francia decidiu participar directamente na ofensiva de 1635, apoiando os protestantes.
  - Os enfrontamentos desenvolvéronse, sobre todo, en Flandres e no norte de Francia, con derrotas francesas pero tamén a dos terzos españois en Rocroi (1643).





Batalla de Nordlinger, de Pieter Meulener. Vemos un dos éxitos españoles en Baviera, en 1634,



*As lanzas* ou *A rendición de Breda*, cadro pintado por Velázquez cara a 1635.



Exércitos em retirada, erguendo os campamentos.

**A cidade de Breda.** Cidade e praça forte dos Países Baixos, que ao longo do século XVI esteve controlada por tropas españolas ou flamengas.

**Tropas holandesas.** Picas muito máis curtas. Vestuario máis rico e colorista que o dos terzos.

**Tropas españolas.** Ao fondo, as lanzas características dos terzos.

Xustino de Nassau

Ambrosio de Spinola



▼  
Víctor MORELLI SÁNCHEZ-GIL: *A Batalla de Rocroi*, 1912. Esta batalla supón o inicio da fin da sucesión de vitorias e conquistas dos terzos. Sen dúbida ningunha, as penurias económicas, coa súa falta de fornecemento e pagamento de soldadas, debilitaron esta forza militar.



## 9.2. A Guerra dos Trinta Anos (2)

- Os contendentes, esgotados pola longa guerra e co centro de Europa desvastado, estableceron conversas de paz que culminaron nos tratados da **Paz de Westfalia** en 1648,
  - Acordouse que os intereses dos estados e a súa relixión prevalecerán sobre os do antigo Imperio xermánico.
  - En 1650, España recoñeceu a **independencia** do territorio norte de Flandres, que pasou a chamarse **Provincias Unidas de Holanda**, gobernadas pola casa de Orange.
- Despois de Westfalia, a guerra entre España e Francia continuou e non acabou ata a **Paz dos Pireneos** en 1659,
  - A monarquía española cedeulle a Francia
    - O Artois
    - Os territorios que posuía ao norte dos Pireneos, o Roselló e a Cerdaña, co que quedou a fronteira establecida na propia cordilleira pirenaica
  - Fíxose patente a hexemonía francesa en Europa e o declive da monarquía hispánica.

- España e as súas posesións
- Francia
- territorios adquiridos por Francia
- Suecia
- territorios adquiridos por Suecia
- novos Estados independentes
- límites Confederación Xermánica



# EUROPA TRAS A PAZ DE WESTFALIA E A PAZ DOS PIRENEOS





O Imperio europeu dos Austrias (Séculos XVI e XVII).

## Guerra dos Trinta Anos (1618-1648)

### PAZ DE WESTFALIA (1648)

#### RECOMPOSICIÓN DO MAPA POLÍTICO EUROPEO

- Hexemonía francesa
- Afundimento do Imperio dos Austria
- España pasa a ser unha potencia secundaria
- Independencia de Holanda
- Fragmentación de Alemaña

#### PREDOMINIO DOS ESTADOS-NACIÓN

- Caen as formas de poder supranacionais

#### AFIRMACIÓN DAS MONARQUÍAS ABSOLUTAS

- O rei encarna o Estado
- As leis divinas e naturais restrinxen o poder
- Non se convocan Parlamentos

#### IGUALDADE E LIBERDADE RELIXIOSAS

- Fin das guerras de relixión
- Formación de igrexas protestantes
- Sur de Europa católico





destrucción

violencia

morte

Os horrores da guerra



Tratado de Paz de Westfalia





Sinatura da Paz dos Pireneos, na illa dos Faisáns, entre Lois XIV e Filipe IV

Dedicáronse enormes sumas de diñeiro á guerra. Provocou a quebra das finanzas dos Austria.

A guerra utilizou miles de mercenarios contratados por un soldo e con dereito a pillaxe nas poboacións conquistadas.

A duración da guerra obrigou ao recrutamento de gran cantidade de poboación que abandonou toda actividade produtiva.

Colleitas, animais, produción metalúrxica e calquera tipo de recurso foron empregados na guerra.

Total de mortes e desaparecidos:

- Soldados: 700 000 a 800 000, deles:
  - 400 000 a 450 000 por enfermidades ou represión
  - 300 000 a 350 000 por combate ou feridas de guerra
- Civís: 2 800 000 a 3 700 000 por fame, enfermidades e bandidaxe.
  - A poboación decaeu un 33% nas cidades e un 40% no campo
  - A poboación de homes adultos alemáns reduciuse un 50%

Os custos da guerra

## 9.3.- As revoltas de 1640 (1)

- A **Guerra dos Trinta Anos** consumiu moitos recursos
  - Depauperou Castela
- O **Conde Duque de Olivares** pretendeu
  - Unha meirande centralización
  - Unha contribución de todos os territorios da Coroa ao esforzo de guerra
- Creou a **Unión de Armas**
  - Todos os reinos e vicerreinados, sen excepción, deberían achegar homes e cartos
  - Pero as súas esixencias non valoraban a riqueza e poboación de cada un deles
  - Senón só a tradición e as leis propias de cada territorio

Quero dicir, Señor, que non se contente V. M. con ser Rei de Portugal, de Aragón, de Valencia, Conde de Barcelona, senón que traballe e pense (...) por reducir estes reinos de que se compón España, ao estilo e leis de Castela sen ningunha diferenza, que se V. M. o alcanza será o príncipe máis poderoso do mundo. O camiño (...) máis eficaz sería (...) ir en persoa como a visitar aquel reino onde se houber de facer o efecto, e facer que se ocasione algún tumulto popular grande e con este pretexto (...), como por nova conquista, asentarse e dispoñer as leis en conformidade coas de Castela. (...)



*Carta de Olivares a Filipe IV, 1624*  
(tradución e adaptación).

2. Que lle propón Olivares ao monarca? A que levantamentos deu lugar?

# A Unión de Armas

- A Unión de Armas foi un proxecto elaborado polo Conde Duque de Olivares, valido de Filipe IV, en 1625,
  - Establecía un reparto da carga militar e fiscal entre todos os reinos (ata entón recaían sobre Castela)
  - Co fin de tratar de recuperar a hexemonía militar e política española en Europa, debilitada polos enormes recursos utilizados na Guerra dos Trinta Anos.
- O proxecto establecía a creación dun exército de reserva
  - Tiña unha importante dimensión política, pois implicaba abolir os particularismos dos reinos que contaban con privilexios institucionais.
  - Baseábase no centralismo administrativo, polo que todos os reinos, vicerreinados e territorios, sen excepción, deberían achegar homes e cartos.
  - Pero as súas esixencias non valoraban a riqueza e poboación de cada un deles, senón só a tradición e as leis propias de cada territorio.
- Ademais, o proxecto modificaba a estrutura política da Monarquía Hispánica pois
  - Eliminaba os privilexios forais dos seus reinos
  - Impuña en todos eles as leis de Castela, as máis favorables para o poder real.
- Tivo escaso éxito en Aragón e Valencia e xerou unha forte oposición en Cataluña e Portugal, o que contribuiu a alimentar as rebelións destes territorios en 1640.
- O proxecto fracasou pola oposición das Cortes da Coroa de Aragón.

### DOC.3 A UNIÓN DE ARMAS (1624)

Territorio	Número de homes
Cataluña	16 000
Aragón	10 000
Valencia	6 000
Castela e as Indias	44 000
Portugal	16 000
Nápoles	16 000
Sicilia	6 000
Milán	9 000
Flandres	12 000

J. H. ELLIOT: *La España Imperial*, 1998. (traducción e adaptación).

## 9.3.- As revoltas de 1640 (2)

- A **revolta en Cataluña** orixinouse cando Olivares, en plena Guerra dos Trinta Anos
  - Abriu unha fronte militar contra os franceses nos Pireneos
  - Isto obrigou os cataláns a
    - Aloxaren as tropas
    - Contribuíren o gasto militar
  - Malia que as Cortes de 1626 se negaran a pagar o subsidio demandado
  - Isto, xunto aos desmandos cometidos polos soldados reais, provocou unha rebelión coa entrada de segadores armados en Barcelona durante o **Corpus de Sangue** o 7 de xuño de 1640
- A revolta xeneralizouse en Cataluña
  - Tivo o apoio de Francia
  - Mesmo se chegou a nomear conde de Barcelona o rei francés Lois XIII en 1641
  - **Pretendeuse integrar o Principado de Cataluña na Coroa francesa**
- A loita foi longa
  - Durou unha decena de anos
  - Rematou en 1652 coa rendición de Barcelona ao exército real, que estaba ao mando de Xoán Xosé de Austria






## 9.3.- As revoltas de 1640 (3)

- No mesmo ano de 1640 produciuse a **rebelión de Portugal**
  - Proclamou rei ao **duque de Braganza**
  - Estaba emparentado coa antiga casa de Avis
  - Xa reinara en Portugal antes da súa anexión á Coroa hispana por Filipe II en 1580
- Os sucesores de Filipe II interviñeran cada vez máis en Portugal co propósito de anexionalo totalmente a Castela
  - Pero os portugueses non querían permanecer unidos á Coroa hispánica
  - Entre outras cousas porque a unión os puxera a mal con Inglaterra e Holanda, que atacaban as súas colonias
  - Isto lles provocaba grandes perdas económicas
- Así pois, a rebelión, á que se uniron as colonias portuguesas
  - Deu lugar a unha longa guerra que durou ata 1652
  - Nela **Portugal acadou a independencia da Coroa castelá**

ATLÁNTICO

OCEANO



-  focos de sublevación
-  centros de resistencia
-  batallas principais
-  secesión de Portugal
-  territorios perdidos na Paz dos Pireneos



Europa despois da paz de Westfalia (1648).


-  posesiões españolas en Europa
-  territorios perdidos en 1648
-  territorios perdidos en 1659
-  territorios perdidos en 1678
-  Imperio dos Habsburgo de Viena
-  límites do Sacro Imperio



# 10.- Por que entraron en crise a economía e a sociedade no século XVII? (1)

- O século XVII caracterizouse en toda Europa por unha **forte crise social e económica**:
  - **Pestes**
  - **Malas colleitas**
  - **Guerras**
  - **Parálise do comercio e da industria**
- Nos territorios hispánicos esta crise foi aínda máis fonda
- No terreo económico
  - A agricultura empeorou a súa xa precaria situación
  - A artesanía e mais o comercio foron incapaces de sobrevivir a
    - A revolución dos prezos do século XVI
    - Sobre todo, á competencia estranxeira
- Ademais, a situación das finanzas públicas era catastrófica
  - Os gastos aumentaban por
    - Unha corte que malgastaba cada vez máis
    - As constantes guerras
  - Nada puido salvar o Estado da práctica bancarrota
    - Nin o aumento de impostos
    - Nin as depreciacións da moeda
    - Nin a constante emisión de débeda pública
  - Ao mesmo tempo, comezou a descender drasticamente a chegada de metais preciosos de América

millóns de pesos



A prata americana

# 10.- Por que entraron en crise a economía e a sociedade no século XVII? (2)

- Nesta situación de crise económica foi cando se fixo evidente que **o mantemento dunha mentalidade aristocrática imposibilitara facer rendible a riqueza proveniente de América**
- En vez de estimular as actividades produtivas, eses bens foron dedicados a
  - Pagar as empresas imperiais da monarquía
  - Consolidar un **modelo social nobiliario** no que os capitais se destinaban á compra de terras, casas ou gastos suntuarios
- Pero o máis grave é que se impuxo o modelo social no que a aspiración era
  - Vivir de rendas como os señores
  - Enriquecerse na aventura americana
- Xa que o traballo no campo ou nas actividades artesanais
  - Apenas daban para sobrevivir
  - Considerábase unha actividade plebea e de pouco prestixio social
- Xerouse, xa que logo, unha **sociedade de nobres, fidalgos ou pícaros**
  - En detrimento dos verdadeiramente produtivos: campesiños, artesáns ou comerciantes

# A extensión da crise

- Asemade, a depresión económica estivo ligada a un **reforzamento do réxime señorial**
- Ante a decadencia española apareceron numerosos escritos nos que se propoñían medidas para atallala.
  - Os autores destas obras denomínanse “**arbitristas**” (Tomás de Mercado, Luis Ortiz, Sancho de Moncada ...).
  - En xeral propoñían ao rei que tomase medidas proteccionistas e reformadoras da economía.
- Non obstante, na España do século XVII podemos diferenciar **tres situacións distintas**:
  - Crise xeneralizada no interior e no sur cunha diminución da poboación e da produción agraria; en Castela só a partir de 1680 comezou a recuperación económica e demográfica.
  - Crise na primeira metade de século e recuperación demográfica e económica na segunda metade na zona mediterránea.
  - Moderada expansión económica en Galicia e Cornixa Cantábrica grazas á expansión do cultivo do millo, mais cun incremento maior da poboación, que leva consigo un aumento da pobreza social.





Praza de Madrid con moitos pícaros, vagabundos e mendigos

# 10.1.- A crise demográfica

- A poboación pasou de 8,5 millóns de habitantes en 1600 a 7,5 en 1700
- As causas deste descenso hai que buscalas
  - No fluxo migratorio ao novo continente
  - Nas baixas ocasionadas polas continuas guerras
  - Na expulsión dos mouriscos
  - No conxunto de epidemias que asolaron o país entre 1601 e 1685

## A POBOACIÓN EUROPEA\* (1600-1700)


	1600	1700
España	8 500 000	7 500 000
Francia	18 000 000	19 300 000
Inglaterra e Gales	4 500 000	5 800 000
Italia	12 000 000	13 000 000

\*estimación aproximada en millóns de habitantes


J. NADAL: *La población española (siglos XVI al XX)*, 1988

Que evolución seguiu a poboación no século XVII?

Por que motivo se produciu un descenso da poboación en España?



millóns de habitantes





▼  
Este óleo, que se conserva no Hospital Pozo Santo de Sevilla, mostra moi expresivamente o impacto da peste de 1649: enfermos e cadáveres no chan da praza, persoas tratando de axudar, un enterro, un carro que transporta cadáveres...

Respecto do estado deste reino, (...) non teñen un só home con capacidade de mandar un exército. As rendas do rei, ao cobrarse en moedas de cobre, diminúen nunha terceira parte ao converterse en prata. Empezan xa a botar man das vaixelas de prata dos particulares que, xunto coas das igrexas, é todo o que hai no reino. A xustiza está aquí extinta de todo e o pobo case desespera (...). Así pois, a Vosa Señoría pode estar seguro de que esta monarquía corre grave perigo de arruinarse por completo.

*Carta de Arthur Hopton, embaixador de Inglaterra, 1640.*  
(tradución e adaptación).

**Cal era a situación das finanzas no século XVII?**

**Segundo o embaixador inglés, cal foi a evolución da chegada de metais preciosos?**

<b>Período</b>	<b>Prata (kg)</b>	<b>Ouro (kg)</b>	<b>Período</b>	<b>Prata (kg)</b>	<b>Ouro (kg)</b>
1531-1540	86 193	14 476	1601-1610	2 213 631	17 664
1541-1550	177 573	29 457	1611-1620	2 192 255	8 855
1551-1560	303 277	46 220	1621-1630	2 145 339	3 889
1561-1570	942 858	16 130	1631-1640	1 396 759	1 240
1571-1580	1 118 591	9 429	1641-1650	1 056 430	1 549
1581-1590	2 103 027	12 104	1651-1660	443 256	469
1591-1600	2 707 626	19 851			



Campesino mourisco, segundo un gravado do século XVI.





LOS MORISCOS DE LA DE  
PUYCIÓN ENBARCADOS EN EL  
GRAN DE VALENCIA QUE FUERON UN  
VARIAMENTE QUINIENTOS EN EL  
EL REY SE ASISTIERON EL VIZIE  
RO DEL REAL CONCEJO FUERON QU  
CEN MIL SESENTOS Y CINCE IL  
NIÑOS QUE AVIAN QUEDADO  
CO LOS GRANDES FUERON  
de 1609

LOS MORISCOS DE  
LADOS DE LA SIERRA DE  
CORTES QUE LES HUBIERON VE  
NER POR CONCEJOS AL GRAV FUER  
TE EN MIL QUATRO CIENTOS NOU  
Y DE LOS REVELADOS QUE FU  
DO DE GARCIA BRAVO BAXAR  
ARNDAR LOS QUE ALLOS  
EL REINO QUE LOS TENIAN  
POR CAPTIVOS FUERON  
de 1609

EL GRAV

MARQUES  
DECLARACION  
VIREI

Embarco de mouriscos no grao de Valencia

# 10.3.- O abandono das actividades produtivas

- A fame, a guerra e as epidemias implicaron o despoboamento das terras
  - Mentres aumentaban os impostos
- Tamén a Mesta viu como se reducía o número de cabezas de gando
  - Pola falta de pastos
  - Pola destrución provocada polas guerras peninsulares: Portugal e Cataluña
- Así mesmo, a industria e mais o comercio padeceron unha fonda depresión
- A tradicional competencia dos produtos estranxeiros agravouse, agora
  - Coa perda de territorios en Europa, e polo tanto de mercados
  - Co incremento dos impostos e a perda do poder adquisitivo dunha poboación cada vez máis arruinada

# A extensión da crise

- A Coroa de Aragón sofre unha crise de menor intensidade, pois
  - Está marxinada da explotación de América
  - Non ten os gastos imperiais.
  - En Cataluña, a crise foi motivada polas frecuentes guerras,
  - en Valencia pola marcha dos mouriscos, man de obra imprescindible.
- Só Galicia e a costa cantábrica escaparon en parte á crise.


















Que non saian do Reino mercadorías sen traballar, nin entren nel mercadorías traballadas. Con isto os mercadores estranxeiros virán mercar o que lles falta nas súas terras, e así como agora pagan pola arroba de la 15 reais, pagarán pola obra que dela resultar 15 ducados e así en todo o demais, conforme ao dito, comprobarase que se se pasa no presente dun millón de mercadorías en cada ano, sacarase en adiante, coa soa mercadoría que ten o devandito valor, máis oito ou dez millóns.

Que se derroguen as leis do Reino polas cales están os oficiais mecánicos aniquilados e desprezados, e se promulguen e fagan outras en favor deles, dándolles honras e oficios, como se fai en Flandres e nos outros Reinos. Que os que chegaren aos dezaoto anos e non soubesen arte nin oficio, nin se exercitaren nel, sexan considerados estraños nestes Reinos e execútanse neles outras graves penas.

*Informe de Luis Ortiz en 1558 a Filipe II (tradución e adaptación).*



© I.C.L.

- |                                                                                               |                                                                                             |                                                                                             |                                                                                              |                                                                                               |                                                                                                |                                                                                                              |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Inglaterra |  España  |  Francia |  marfil   |  azucre  |  coiros   |  metais preciosos       |
|  Portugal   |  Holanda |                                                                                             |  madeiras |  peles   |  peixe    |  sedas                  |
|                                                                                               |                                                                                             |                                                                                             |  especias |  algodón |  escravos |  millo, patacas, outros |

O dano veu (...) de haber moita prata e moito diñeiro, que é e foi sempre o veneno que destrúe as Repúblicas e as cidades. Pén-sase que o diñeiro as mantén e non é así, as herdades (campos) labradas e os gandos e as pesqueiras son as que dan mantemento. Cada un había de labrar a súa parte, agora os que se sustentan con cartos, dado a renda, inútiles e ociosos son, que quedan para comer o que os outros sementan e traballan (...).

M. GONZÁLEZ DE CELLORIGO: *Memorial*, 1600 (tradución e adaptación).

- Que aconteceu coa artesanía e a agricultura nos reinos hispánicos?**
- Que motivos dá Cellorigo para que se producise o afundimento económico?**
- Que debía terse feito segundo Luís Ortiz?**

Porque co título de fidalgos teñen tanta soberbia que menoscaban aos que son menos ca eles. Co título de fidalgos non queren pagar o que deben e teñen mal adquirido. (...) Co título de fidalgos teñen por honra vexar as inxurias (...). Co título de fidalgos teñen licenza para non xaxuar nas vixilias e comer carne por coresma. Co título de fidalgos teñen a ousadía de falar mal das boas persoas, que segundo eles son desprezables por que non son de soar (familia) coñecida.

Alejo VENEGAS: *Breve declaración de las sentencias y vocablos oscuros (...)*, 1546  
(tradución e adaptación).

Que se expón no texto de Venegas?

Aos españois véselles na súa meirande parte como empregados do Goberno ou formando parte do exército, e miran como por baixo deles o ocuparse dun oficio ou entregarse ao tráfico e ao comercio, coa esperanza de que se lles contará entre os nobres (...) ou os seus descendentes.

*Embaixador marroquí, 1690-1691*  
(tradución e adaptación).

**Por que falamos do triunfo da fidalguía?**

**Que consecuencias ten aos ollos do embaixador marroquí?**





Pirámide social no século XVII

## NOVAS FORMAS DE PRODUÇÃO

No século XVII desenvólvese o sistema de traballo a domicilio (*domestic system*)

Para escapar do control dos gremios

Aumentaba a produción

Un empresario capitalista compra a materia prima e distribúea entre familias campeciñas

Os campeciños fabrican a mercadoría nos meses de descanso agrario


O empresario capitalista recolle o produto

O empresario ocúpase de distribuír ou vender a mercadoría

Outra forma de produción eran as fábricas patrocinadas polo Estado (*manufacturas reais*)




A Praza Maior de Madrid



Casa  
acomodada

patio traseiro

despensa



cuarto

sala e cociña

Casa popular



A crise económica repercutiu de xeito especial sobre os máis pobres. Nas rúas das cidades malvivía unha amplísima poboación de marxinados (pícaros, vagabundos, mendigos...).



Mendigos do século XVII.



A economia de Europa no século XVII



O despoboamento por mor da peste, a guerra, as fames negras, a emigración e a expulsión dos mouriscos.

O abandono do comercio, a industria e a agricultura, por causa da afluencia de metais preciosos


A inestabilidade monetaria (desvalorizacións).

O desprezo do traballo manual, a ausencia de burguesía mercantil.


O exceso de impostos e a institución do morgado, que ocasionan a ruína do campo.

O predominio estranxeiro nos produtos manufacturados e na banca.

As causas da crise



O mundo moderno.



Lorenzo de Médicis a caballo, pintura do palacio Médicis de Florencia, século XV.



Páxina da *Biblia Políglota Complutense*, 1517.


Os tipos móbiles de metal colocábanse nunha matriz para compoñer a páxina e imprimila. Os tipos podían ser reutilizados numerosas veces.



Nebrija impartindo unha clase, nunha miniatura do século XV. A súa *Gramática castellana* (1492) foi a primeira gramática dunha lingua vulgar escrita en Europa.



*A Universidade de Alcalá de Henares foi o principal foco de difusión do erasmismo en España. Nela ocupou unha cátedra Antonio de Nebrija.*



piar arrimado

cuartos dos señores

comedor

friso

cociña

frescos

estatua clásica


mosaico de mármore

gran sala de festas

loggia (patio con pórtico)

A Vila Farnesina (1511), en Roma, é un modelo de palacio renacentista. Residencia dun banqueiro, reflicte a suntuosidade con que vivía a burguesía e os novos gustos artísticos.

Un palacio Renacentista




cúpula e tambor  
de Michelangelo

A construção da basílica de San Pedro, iniciada a co-  
meços do século XVI, simboliza o **poder da Igreja de  
Roma**. No Renascimento, Bramante realizou o pro-  
jecto inicial. Michelangelo projectou e construiu uma  
gran cúpula sobre o maior e tres ábsidas.

fachada de  
Bernini, do  
século XVII

ábsidas (tres)  
de Michelangelo

Básilica de San Pedro do Vaticano




Canon renacentista das proporcións entre as diferentes partes do corpo. Na imaxe, o *Home de Vitrubio*, de Leonardo da Vinci, 1490.






A Europa do Barroco.

Nos currais de comedias as representacións teatrais principiaban a primeira hora da tarde, alongábanse de catro a seis horas e era frecuente comer durante o espectáculo. Homes e mulleres vían as funcións separados. Pagábase unha entrada e a compañía quedaba con arredor do 20% da recadación.



# Unha igrexa barroca




O arquetipo de igrexa barroca presenta unha nave única, unha cúpula sobre o cruceiro e as naves laterais convertidas en capelas separadas. Na fachada, proliferan superficies onduladas e liñas curvas para dar sensación de movemento.



Jan Vermeer: *O astrónomo*, 1668. A representación de científicos foi un tema de interese da arte barroca.



Descartes dálle unha lección de xeometría á raíña Cristina de Suecia rodeada da súa corte.



Henri Testelin: *Jean Baptiste Colbert presenta os membros da Real Academia das Ciências perante Luís XIV, 1667.*



Galileo facendo unha demostración do uso do telescopio.